

# ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

<http://www.marinasbetanzos.org> ; [info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org); Tlfno. 981 669 541

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS DO LUNS 13 DE XUÑO DE 2016, EN CONVOCATORIA ÚNICA ÁS 17.30 HORAS, NA BIBLIOTECA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE A SENRA (CONCELLO DE BERGONDO)

## ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
Actas da Xunta directiva ordinaria e extraordinaria 09/05/2016
2. ALTAS DE ENTIDADES/ASOCIACIÓN NO GDR MARIÑAS BETANZOS.
3. PRESENTACIÓN DOCUMENTO CANDIDATURA LEADER 2014-2020 GDR MARIÑAS BETANZOS.
4. ROGOS E PREGUNTAS.

## Asistentes:

- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS* (Asociación Vedoreira).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS* (Asociación Roxín Roxal).
- Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez, en representación da *Mesa de Asociacións e colectivos de Mulleres*. (Amfar – Cambre).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. José Domiro Garrote Martín, en representación da *Mesa sectorial da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral* (G.A.L.P. Golfo Ártabro Sur)
- D. José Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa sectorial de asociacións e colectivos medioambientais e mozos* (Sociedade Galega de Historia Natural).
- D. Elia Pérez Taboada, en representación da *Mesa sectorial de asociacións e colectivos medioambientais e mozos* (Grupo Naturalista Hábitat).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPANAES).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal (con autorización de voto delegado de Aspace), en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONGD* (ASPACE).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira* (Asociación sectorial de viticultores e adegueiros de Betanzos e comarca).

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa do Concello de Bergondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, Concelleiro de Urbanismo do Concello de Betanzos en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Leonor Fernández Grande, Concelleira de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Ramón Rioboo Castro, Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia –CEIDA-).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Manuel Giménez Solla. Asistencia Técnica Programa Leader 2014-2020
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas Betanzos
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Asociación Mariñas Betanzos

-----

**A XUNTA DESENVOLVEUSE CO SEGUINTE RESULTADO:**

**1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Apróbanse as Actas das reunións ordinaria e extraordinaria de Xunta directiva do 9 de maio de 2016

**2.ALTAS DE ENTIDADES/ASOCIACIÓNS NO GDR MARIÑAS BETANZOS.**

**2.1. ASOCIACIÓN DE ADEGUEIROS DO VIÑO DE BETANZOS**

Con data 19 de maio de 2016 ten entrado no rexistro da Asociación Mariñas Betanzos solicitude de adhesión de socio da Asociación de Adegueiros do Viño de Betanzos, con sede social en Abegondo. Esta Asociación está formada polas adegas amparadas baixo a denominación de “Viño da Terra de Betanzos”: Adegas Beade; Bodegas Rilo; Adegas Lorenzo Bescansa e Adegas Codeseira.

A Xunta Directiva acorda a adhesión desta Asociación ao GDR Mariñas Betanzos, e que se inclúa na mesa sectorial de Mesas do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira.

**2.2.ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE CURTIS**

Con data 31 de maio de 2016 ten entrado no rexistro da Asociación Mariñas Betanzos solicitude de adhesión de socio da Asociación de Comerciantes de Curtis, con sede social en Curtis. Esta Asociación ten entre seus

fins principais: a promoción do comercio de Curtis e arredores; promover as mellores condicións para o fomento da iniciativa privada no ámbito territorial da Asociación, facilitando e apoiando a creación de novas empresas e comercios e apoio dos existentes.

A Xunta Directiva acorda a adhesión desta Asociación ao GDR Mariñas Betanzos, e que se inclúa na mesa sectorial de Asociacións de empresarios multisectoriais.

### **3. PRESENTACIÓN DOCUMENTO CANDIDATURA LEADER 2014-2020 GDR MARIÑAS BETANZOS.**

O Xerente informa aos asistentes que o día 31 de maio de 2016, ten entrado no Rexistro do GDR Mariñas Betanzos resolución do Rexistro de Asociacións da provincia de A Coruña ao respecto da “Modificación Estatutos da Asociación Mariñas Betanzos” (aprobados en Asemblea Xeral do día 9 de maio de 2016).

Ao respecto do documento Candidatura Leader 2014-2020 do GDR 23 Mariñas Betanzos, infórmase aos asistentes que o día 7 de xuño foi enviada a todas as entidades socias do GDR Mariñas Betanzos, concellos, persoal técnico de emprego e desenvolvemento local e de medio ambiente e turismo dos 15 concellos, así como a todas as entidades e persoas que participaron nas diferentes reunións e colaboraron na súa elaboración, os seguintes arquivos para a súa revisión: Documento de diagnóstico; Estratexia; Normas de Xestión; Plan de Cooperación; Plan de formación; Plan de Comunicación 2016-2020; Fichas e Cadro financeiro. Todos os documentos están subidos e actualizados na páxina web da Asociación, no seguinte enlace:

<https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com/proposta-leader-2014-2020/proceso-participativo-no-deseno-da-estratexia/>

Respecto ao documento enviado aos socios, AGADER ten suxerido que se pondere máis a creación de emprego, polo que nos baremos para proxectos non produtivos acordase subir de 15 a 20 puntos, restando esos 5 puntos do apartado “Impacto sobre o territorio”.

O xerente toma a palabra e repasa un por un todos os documentos realizados ata o momento cunha breve descrición. Ao respecto dos baremos e límites porcentuais entre os produtos produtivos e non produtivos ábrese un pequeno debate, quedando aclaradas as seguintes cuestións:

- Nos proxectos produtivos existen variacións co respecto ao Programa anterior:
  - As actividades excluídas de ser subvencionadas están recollidas segundo o nomenclator do Imposto de Actividades Económicas.
  - As vendas polo miúdo, solo serán subvencionables en núcleos onde non exista o servizo.
- En canto aos proxectos non produtivos, os límites de axuda tamén son diferentes ao período anterior.

O representante do concello de Oleiros, Rodrigo López, toma a palabra xa que ten unha dúbida sobre si unha industria de aproveitamento de plantas, extractos, propiedades, etc., estaría excluída segundo o IAE, ao que resposta o xerente que non habería problema. Acórdase redactar este apartado de xeito que non se corra o risco de que algún proxecto interesante e con impacto no territorio puidese quedar excluído.

D. José F. Castro, representante da Asociación Vedoreira, ao respecto da baremación, parécelle que “faltan puntos” no apartado de ubicación xeográfica, xa que parece que ningún concello podería sumar o máximo, comprobando a continuación que está correcto.

A continuación toma a palabra D. Manuel Giménez, asistencia técnica do Programa LEADER, que explica aos asistentes, a xustificación sobre a participación pública como alicerce da estratexia do territorio.

O Presidente toma a palabra para informar aos asistentes, que por iniciativa proposta por él, no período anterior os concellos non promoveron proxectos para deixar que as entidades puidesen promover proxectos. Neste período propónse para entidades o 25% e para concellos o 75% (estas porcentaxes están abertas a cambios, no caso de que non se comprometan os fondos de cada anualidade e segundo vaia a evolución da xustificación dos gastos). Tralo debate, acórdase esta proposta, que será flexible durante a execución para evitar que queden proxectos fóra.

O Presidente informa ao respecto do envío da Candidatura a AGADER, que se podería enviar o luns día 20 de xuño, quedando así toda esta semana, para que se poidan aportar outras ideas.

A Alcaldesa de Bergondo, Dna. Alejandra Pérez, pregunta como se van a aprobar os cambios ou incorporacións que puidesen facerse con posterioridade a esta reunión, acordándose que se faría unha consulta por correo electrónico caso de haber proposta de calado que modificasen substancialmente o acordado.

#### **4.SUXESTIÓNS E PREGUNTAS**

4.1. O Xerente informa aos asistentes que se está traballando na elaboración da documentación ao respecto da posta en marcha da “Marca da Reserva de Biosfera”.

O técnico, D. Miguel Fernández, toma a palabra para explicar como funcionaría a marca e os documentos que se enviarán para a súa revisión aos membros da Xunta Directiva: Regulamento; Prego de Condicións técnicas; Sistema de Control. A posta en marcha realizarase unha vez aprobado o rexistro desde a Oficina Española de Patentes e Marcas.

4.2. D. Carlos Vales, Director do CEIDA, informa que tres universitarias de México están facendo o proxecto de fin de carreira sobre distintas temáticas na Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, centrándose na posta en marcha do ENIL “Esteiro do río Baixoi”, no Concello de Miño.

4.3. O Presidente informa que estase solicitando axuda á Deputación da Coruña para o lanzamento da marca Reserva de Biosfera, así como accións específicas de apoio ao emprendemento na Reserva.

4.4. O Xerente informa que dende a Consellería do Medio Rural teñense concedido dúas axudas para a posta en marcha de Grupos Operativos:

- Deseño dunha ferramenta con base ás novas tecnoloxías para a transferencia de resultados de I+D+I no sector lácteo.
- Deseño de ferramentas para minimizar o impacto sobre o medio natural nas aplicacións de xurro das explotacións de porcino.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 18.45 horas, dando paso á Reunión de Asemblea Xeral Ordinaria.

En Abegondo, a 13 de xuño de 2016

A Secretaria

Asdo.: Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes